

IV CERTAME LITERARIO

Don Diego Sarmiento de Acuña
Conde de Gondomar

Poesía e Relato

Debuxo da cuberta de Luís Seoane para unha edición do poema de Homenaxe aos Franceses de Lorenzo Varela, por cortesía de Edicións do Castro.

**CADERNOS DO IEM. Nº 9 2ª etapa.
IEM (Instituto de Estudos Miñoranos)**

Redacción e Administración:

CEIP Mallón. 36379, San Pedro da Ramallosa
Nigrán. Val Miñor. Galiza.
e-mail: publicacions@minhor.org
Internet: <http://www.minhor.org>
Apartado 30, 36380-Gondomar.

Director:

Carlos Méixome Quinteiro.

Consello de Publicacións:

Concha Costas, X. Bieito Legaspi, Alberte Valverde,
Xosé Lois Vilar, Antón Mascato e Carlos Méixome.

Coordinación da Edición:

X. Bieito Legaspi.

Deseño, maquetación e execución gráfica:

Obradoiro Gráfico de Edicións do Cumio.

Depósito Legal: VG:616-2005

I.S.B.N.: 84-8289-329-7

Membros do xurado do
IV Certame Literario
D. Diego Sarmiento de Acuña
Conde de Gondomar

RELATO:

Laudelino Pellitero Ramilo
Membro do IGADI

Ángeles González
Directora do CEIP Souto Donas

Mª Luísa López Castro
Concelleira de Educación do Concello de Gondomar

Belén Barona
Profesora do IES Escolas Proval

Alfonso Soliño Troncoso
Arquitecto técnico e membro do IEM

POESÍA:

Sunsa Fernández Rei
Pedagoga, musicoterapeuta e membro do IEM

Miguel Anxo Mouriño
Escritor e mestre de Primaria

Ángela González González
Técnica superior en Aplicacións Informáticas

Valentina Marta Rodríguez
Estudante universitaria e gañadora en anteriores edicións.

Margarita Vázquez Zegri
Catedrática de Historia

Ano a ano, chegamos a esta IV Edición do Certame Literario D. Diego Sarmiento de Acuña, e non pensen que foi unha tarefa doada.

A posta en marcha deste certame supón un gran esforzo, tanto material coma humano, dun grupo de persoas que adquiren un compromiso co mundo das letras.

Neste compromiso, asumido tanto polas mozas e mozos que participan como polos centros educativos e institucións públicas e privadas, pretendemos achegar a través das letras a nosa lingua, o galego. Así como compartir esas pequenas historias tan valiosas que fan que o lector se interne nun mundo de sentimentos e vivencias.

Esta Concellería de Educación ten especial interese en facer esta publicación, xa que con ela tentamos honrar o esforzo das mozas/os que se propuxeron participar facendo un poema ou un relato.

A todos eles queremos dicirlles "Grazas".

M^a Luísa López Castro
Concelleira de Educación

Poesía

Sheila Díez Méndez
CEIP Chano Piñeiro. 1º Premio.

A NENA

Na herba está a nena
¡A ver quen pode vela!
¡Xa, vinde coas cordas,
traede as cordas!

No pozo está a nena
¡A ver quen a pode coller!
polo aire, pola terra,
coidado que non se perda.

Na árbore está a nena
¡A ver quen a pode ver!
Vinde coas perlas,
Vinde, vinde.

Nos meus ollos está a nena
¡A ver quen pode vela!
Polo aire, pola terra
que non se perda.

Na praia está a area
No mar a auga
Nas árbores as follas
¡Quen as pode coller!

Axiña, traede as redes
Traédeas xa,
Que non se escapen
Non, non e non

Hai cousas perdidas
hai cousas por perder
e se te apuras
pódelas coller.

Antonio M. González Quintas
CEIP Souto Donas. 2º Premio.

POEMA

Hoxe o día está escuro.

¿Será porque choras?

Hoxe o día está claro.

¿Será porque ris?

¿Que lle pasará hoxe ao ceo

que non me ensina as estrelas?

¿Será porque están chorando,

por iso inundan o ceo?

Que non choren, que non

choren, que as súas bágoas

chegan moi adentro.

Alberto Dios González
CEIP Souto Donas. 3º Premio

ESTRELA

Estrela brillante

cantante

flotante.

Estrela florecida

amada

coñecida.

Estrela agarimosa

esperta

fermosa.

Estrela amarela.

¡Estrela da Esparela!

Tania Conde González
IES Escolas Proval. 1º Premio.

GALICIA, TERRA QUERIDA

Galicia, terra querida,
terra perdida,
perdida na ida
perdida na volta.
Na volta dos teus soños,
dos teus noivos
a xogar coas mans
na terra do endexamais.
Preto do máis alá
e lonxe de ti,
por me namorar
por me namorar.
Equivoqueime de fada,
perdoa, miña amada,
collín a man arelada,
cheguei desesperada,
por eses camiños cheos de xeo
de lendas peneiradas polo tempo
polo veo, polo medo.
Coma min, terra miña.
Tamén quixen esquecer
onde crecín, onde vivín,
mais ti non me deixaches;
e agora volto para crer
nas fadas da vida,
que son amigas,
nas bruxas do bosque,
que son a morte,
nas meigas doces
que están na noite,
nos lobishomes,
que son rencores,
na Santa Compañía,
lápida que nos acompaña
á terra dos soños
que está a agardar.
Alí descubrirei
os teus beizos de cristal
os teus ollos de mar,
as túas mans no lar.....

Nerea Rodríguez Rodríguez
Libre. 2º Premio.

DOUTRO XEITO

Salaiando.

Voces baixas e seguras
Con receo ningún aseguran
Que na vida, cousas mellores
Que cadrar ou rimar
Poderemos atopar.

Salaiando.

Teñen a razón enteira,
Non malgastémo-lo tempo
Formando palabras que riman,
Contando sílabas mortas
Que acaban sen ter sentido.

Gritando.

Gritando ou cantando,
¿que máis dá o xeito?
Construamos palabras de protesta,
Alicerces do noso pensamento.
Convoquemos espíritos externos,
¡Xuntemos os tres mundos!
Fagamos un partido, chineses,
Branco, árabes e negros,
Comamos xuntos da mesma perola.

Xuntemos culturas,
Mesturemos amor,
Fagamos mil críos
Que medren gritando
Sorrindo, xogando,
Rindo nun mundo mellor.

Serán libres, ceibes,
Comprometidos con ninguén.
Falarán o que queiran,

Unha merda, un foder,
Iso xa non importa,
As palabras son só
Unha ferramenta máis
Unha merda o goberno,
Unha merda o poder,
Fodamos ós opresores
Afoguémo-la maldade.
Nun pedestal a nosa liberdade,
A nosa Galiza máxica,
As nosas ganas de voar.

Construílo non é fácil,
Pero unha orde hai que crear.
Uns irán, outros non,
Outros volverán,
Outros morrerán...

Mais a satisfacción
Dunha morte,
O último salaio
Dun heroe
Que voa polo ceo,
Clamando,
Sorrindo,
Co arco da vella
Colgando nas súas costas...

A morte nun instante de agonía
É menos agonía
Que a vida que levamos.

¡SALAIANDO!

Jenifer Pousa Da Rocha
IES Escolas Proval. 3º Premio.

ROMANCE DA MULLER MALTRATADA

Hoxe estivo chorando outra vez,
nótase no baleiro da mirada.
Ten os ollos encarnados,
está calada, non di nada.

Deambula polas rúas,
vai con présa, está asustada.
Quere chegar á súa casa,
cara aos lados olla desconfiada.

Cando chega, fatigada,
do seu fogar unha escrava,
para non pensar na dor
limpando as tardes pasa.

Pecha a porta por dentro
e espera resignada,
nun desesperado intento
de finxirse adormiñada.

Pecha os ollos con forza,
queda agarrotada,
pensa que é un pesadelo
mais cando el chega todo acaba.

A berros, encolerizado,
entra botándoa ao chan,
mallando no seu fráxil corpo
bruscamente coa man.

Ela apesurada cala,
que os nenos esperten non quero,
sofre en silencio, aguanta,
non podo máis, desespero.

A ese despiadado home
nin sequera pide explicacións,
sofre en silencio, cala,
atura as máis burdas vexacións.
Un día máis María sae á rúa

coa cabeza gacha, tapada,
mira de esguello, asustada,
nótana moi desmellorada.

A xente fala moito,
murmura un tanto extrañada,
lémbra feliz de nena,
agora ten a vida truncada.

Roubáronlle a frescura,
fixérona a golpes muller,
e o máis triste de todo
é que a el non o poidan deter.

Hoxe María xa non sae á rúa.
Tapada cunha saba branca,
chórana os veciños do barrio.
María, unha máis de tantas.

Relato

Dimas Arias Fernández
CEIP Souto Donas. 1º Premio.

A LENDA

¿Lembrádesvos da tribo "Lemancky" e dos "coneatos"? ¿Si? Pois vouvos contar unha historia sobre eles:

Segundo unha vidente, sobre os "Lemancky", dixo ó mundo que o cinco de xuño uns guerreiros da prehistoria atacáriannos subidos ás súas feras. Eu sabía como derrotalos, o segredo estaba na auga, o contacto é mortal tanto nas súas feras coma neles; ó coneato non lle gusta a auga, pois ó ser un cruce de gato e coello e de lixo, descompóñense. Comenteillo a todo o mundo, pero ninguén o cre.

Chegou o día do combate. Todos pensaban en disparar, pero canto máis o facían máis grandes e poderosos se volvían, ata que chegamos eu mailo meu pai cun camión de bombeiros, puxémonos a chorrearlles auga e tamén se animaron. Cando, de súpeto, fixeime ben e aquilo non era o campo de sempre, coas súas flores de cores, a súa herba verde, o ceo azul e os animais xogando. Agora todo era de cor marrón, non había flores, nin herba nin tampouco animais.

Toda a xente xacía no chan, algúns por cansazo e outros por morte. A guerra durou catro días coas súas noites. Ao final gañamos á tribo. Por mor dos vapores tóxicos dos "Lemancky" (lembraide que están feitos de lixo) fixose un gran buraco na capa de ozono, os raios do sol introducíronse polo mesmo e queimárono todo. O incendio durou meses e anos ata que o apagamos.

Agora tiñamos que reconstruír o planeta; nada máis custoso en todo o universo, reconstruír montes, pradeiras, selvas, desertos e illas. Non foi doado, mais todo o mundo puxo o seu grao de area. Repoboamos os bosques plantando árbores de tódalas clases, matogueiras, amendoeiras..., pero non eucaliptos, dado que non eran de aquí, senón de Australia. Nas illas tamén plantamos árbores, gramón, céspede e toda clase de herbas. O máis complicado, ou case imposible, foi recuperar a fauna, pois tivemos que esperar moitos anos para tela toda completa; ata recuperamos animais extinguidos de antes do incendio. Cando conseguimos devolver o planeta ao seu estado inicial tiñan pasado cincuenta anos.

Comezamos a cultivar, aramos os campos, cultivamos patacas, porros, cebolas, pementos, fabas... Mais non quixemos recuperar aquilo que foi prexudicial para a humanidade, coma a droga, pois queremos un mundo mellor para os nosos fillos, que non se droguen nin se emborrachen. Deixamos de fabricar vehículos e de utilizar o asfalto, formigón, aerosois, e fábricas fumegantes coma as centrais nucleares.

Todo ía vento en popa, ¡que xa é decir! Para o noso goberno fixemos outras votacións, dado que tódolos ministros morreran e acordamos que non debían existir terroristas. Fixemos unha constitución mundial e todo o planeta estivo en paz. ¡Por fin logramos a paz no mundo! No incendio queimáronse as plataformas petrolíferas subterráneas e submarinas.

Empezamos a facer uso dos cabalos, desprazámonos e vivimos moito mellor que antes. Todo o mundo estaba ledo, sin deportes conflictivos nin contaminantes como os rallye, a fórmula 1. Os libros eran de papel reciclado para intentar non danar a natureza.

Mais...os nosos fillos repetiron o mesmo erro ca nós: empezaron a fabricar vehículos, xa que querían correr, e volveron a utilizar o asfalto para construír estradas. O planeta volveu a ser coma antes, con fábricas fumegantes e grandes rañaceos, rompeuse o acordo da constitución mundial, rematou a paz e todo volveu a ser coma antes, con atentados, guerras...

Isto parecía unha cadea, contaminábamonos, tódolos "Lemanky" atacaban, o planeta incendiábase e a repoboalo outra vez. Agora todo tiña sentido; aquilo era a cadea alimenticia; sempre pasaba o mesmo e aínda hoxe continúa a pasar.

Sandra Alejos Fernández
CEIP Humberto Juanes. 2º Premio.

AURORA

Nalgúns montes e bosques de Galicia viven unhas poucas curuxas entre o resto dos animais.

Ao lado da miña casa hai un monte onde tódolos anos algunhas curuxas veñen facer os seus niños nos buracos das árbores.

Dende a fiestra do meu dormitorio, dende hai xa un mes, estou a ollar unha fermosa curuxa no seu niño, incubando os seus ovos. Terá que pasar algún tempo para que nazan as súas crías, mentres o seu compañeiro se encarga de alimentala. Todos estes días estiven observando o niño, e por fin onte vin que as crías xa saíran dos seus ovos; había tres poliños.

A diario pasaba un bo anaco na miña fiestra mirando como os pais coidaban das súas crías: o macho e a femia ían alternándose para darlles de comer pequenos insectos e roedores, mentres os pitiños pedían de comer todo o tempo.

A min sempre me gustaron os animais e as curuxas en especial. Encantárame ter unha curuxa na casa, pero como están en perigo de extinción ninguén pode telas.

Os pequenos poliños son moi bonitos, con ese plumón que teñen antes de que lles saian as plumas definitivas; un pico enaniño e intentando voar coas súas pequenas ás, como fan os seus pais.

Unha tarde, despois de comer, púxenme a ler, tumbada na miña cama, para descansar. Escoitei uns pitidos que me pareceron dalgún poliño da curuxa. Mirei pola fiestra e no niño só había dous poliños, ¿onde estaría o outro? Fun buscalo fóra; de súpeto escoito un montón de pitidos que viñan do chan. Empecei a quitar herbas, pólas, toxos, etc., ata que a atopei, chorando, cunha poliña que estaba atravesándolle unha á.

Sáin correndo onda ela para collela e levala ao veterinario. Con moito coidado púxena nunha caixa de cartón e fixénlle uns buracos para que respirara.

Marchei rapidamente ao veterinario. Explíqueille ao Dr. Anta que traía unha cría de curuxa cunha á ferida. Entrei na consulta e púxena nunha cama enorme, demasiado para un pitiño tan pequeno. O veterinario contome que tiña que operala e posiblemente se salvaría, aínda que nunca podería voar. Era unha operación moi perigosa. Logo preguntoume quen coidaría dela, xa que en liberdade non podería sobrevivir.

—; Eu cuidarei dela!— dixen eu.

Marchei da clínica para que o doutor poidera operala. Dixo que me chamaría tan pronto como acabase: a operación duraría máis ou menos dúas horas. “Son as 5:00, así que sobre as 7:00 acabará a operación” dixerme a min mesma.

Fun dar un paseo pola vila para non afastarme moito da clínica e así, cando chamasen, chegaría antes.

Paseei por toda a vila; estaba preocupada, xa pasaran dúas horas e media; eran as 7:30 h. E nese momento decateime de que o doutor me dixerá que se tardaba moito en chamar seguro que era porque había algunha complicación coa que non contábamos. Cada vez estaba máis preocupada e nada conseguía tranquilizarme.

Estaba a tremer cos nervios e pensaba: “seguro que non puido salvara e por iso tarda tanto en chamarme, para non dar-me a mala noticia”, pois xa eran as 7:35 h.

Desesperada, de camiño a casa, triste e mirando só para o chan, soou por fin o teléfono:

—¿Si?— dixen.

—Ola!, son o Dr. Anta. A operación foi un éxito, tardei en chamarte porque non encontraba o teu teléfono, pero a cría está moi ben. Vas ter que vir por aquí unha vez ao mes para ver se todo vai ben-explicoume.

—¿Entón está viva? ¿Está viva?— preguntei.

—Si, si , tranquila- dixo el.

—Vou agora mesmo a buscala, moitas grazias- dixen.

—¡Veña!, espérote na consulta.

Fun correndo cara á clínica, eu corría un montón, tanto que tropecei e caín ao chan, as cousas complicábanse cada vez máis. Ao estar preto da miña casa estaba moi lonxe da clínica e non tiña tempo para faceme unha cura na perna, case non tiña forzas pero eu seguía correndo, cada vez menos, pero o intentaba.

Esgotada e con moita dor, por fin cheguei á clínica. O doutor xa tiña preparada a miña caixa coa curuxiña dentro, e díxome que a coidara moi ben porque agora máis que nunca estaba moi débil.

Antes de irme cara á miña casa, o doutor Anta xa tiña un papel de permiso para poder ter un animal coma este; deumo e díxenlle:

—Grazas por todo.

Xa na miña casa, chamei por Misti, o meu gato, e presentéille a súa nova amiga Aurora. Este foi o nome que escollín para ela, polas súas cores que semellan cando sae o sol.

Normalmente os gatos e os paxaros lévanse mal, pero cando xuntas dous animais coma estes xa dende pequenos fanse moi amigos. Iso foi o que eu quería e así foi. Agora lévanse moi ben, non paran de xogar

xuntos. Ata o meu gato, como xa ten a súa comida, pois os ratos que caza dállos a Aurora.

De alí a uns meses a miña curuxa estaba xa moi ben e con forzas para seguir a súa vida igual ca antes, pero moito mellor.

Durante todos estes meses Aurora dormía no meu cuarto e polas noites, antes de pechar a persiana, viñan os seus irmáns e os seus pais; eu ábrolle a ventá e collo á curuxa e póñoa coa súa familia un pedazo. Logo... ¡Todos a dormir!

É xenial ter unha curuxa na túa casa, divírteste moito e aprendes un montón sobre a súa vida e de cómo a tes que tratar para semellarte o máis posible á súa familia.

Todas as tardes imos xogar ao céspede: Misti, Aurora e eu. Estamos moi contentos alí xogando, corricando polo céspede.

Unha vez que nos íamos de vacacións ata conseguín convencer aos meus pais e levamos connosco a Aurora e a Misti.

Os tres estamos moi unidos e ninguén conseguirá separarnos.

Patricia Troncoso Alonso
CEIP da Cruz. Camos. 3º Premio.

NAS PROFUNDIDADES DO OCÉANO

Un pescador que tiña muller e fillos, ós que quería moito, saíu un día a pescar sen o seu compañeiro porque estaba enfermo. Cando xa levaba un bo anaco navegando, deuse conta de que saíra do seu rumbo e decidiu botar alí as redes. Cando as subiu, o barco fixo un movemento moi brusco e o pescador caíu á auga. Cando intentaba subir á superficie non foi capaz porque de súpeto o mar cubriuse dunha capa de xeo e apareceu unha onda de cor prata que lle permitiu respirar.

Estando o pescador no fondo do mar, aparecéuselle unha muller que era raíña dun mundo submarino que estaba nas profundidades e díxolle:

—Non volverás ó teu mundo porque descubríche-lo noso e sei que se te deixo ir contarasillo ós seres da túa especie, e por iso vivirás con nós e aprenderás os nosos poderes e costumes.

Os seres que vivían neste mundo tiñan o mesmo aspecto físico e unhas pequenas aletas para poder nadar a máis velocidade. Tamén tiñan uns estraños poderes: podían quitar pequenas partes da memoria, dar respiración ós seres humanos e quitarlle as forzas ós seus inimigos.

A raíña deste mundo submarino tentou quitarlle a Xoán, que así se chamaba o pescador, tódolos recordos da súa familia, pero non foi capaz porque os quería moito e xamais podería esquecerlos.

Pasado un tempo, os centauros que vivían na auga empezaron a destruír o lugar en busca do segredo da súa maxia. A Raíña non llo quixo dar, porque se o facía volveríanse contra ela e contra o seu pobo. Por iso, decidiu loitar cos seus poderes e con tódalas súas forzas e se facía falta coa súa propia vida. Lanzáballes ondas de cor prata para quitarlles as forzas, pero o día seguinte os centauros xa as tiñan de novo.

Xoán foi á biblioteca (que aínda non estaba destruída) buscar nos libros algunha posible información sobre como podería salvar o lugar. Atopou un libro moi vello no que viu unha foto dunha pedra de cor azul celeste e ovalada que servía para reparar os danos que sufrira o seu lugar e para facer un escudo ó redor deste. Todo isto podía facer se se puña a pedra na torre máis alta do castelo da Raíña.

Xoán foi en busca da pedra e no camiño atopou máis lugares nos que os centauros fixeran estragos ó buscar a maxia que estes posuían. Se conseguisen ter tódolos poderes do mundo submarino serían inmortais. Falou con xente dos poboados afectados e xuntos decidiron percorre-los sete mares para atopar a pedra azul.

Buscaron dentro de covas, nas cunchas, nos barcos afundidos..., pero non deron con ela.

Cando xa perderan a esperanza, do interior da terra elevouse a pedra que buscaban, pousándose nas mans de Xoán. De volta ó mundo da Raiña, os seus novos compañeiros decidiron ir canda el para comprobar o poder que tiña a pedra e estudala, xa que eles eran científicos.

Ó chegar todo estaba destruído e pensaron que xa nada podían facer. O castelo estaba desfeito e sen el non poderían utilizar o poder da pedra.

Entre todos reconstruíron o castelo deixándoo moi parecido a como era. Tardaron un par de semanas, xa que pasaban todo o día traballando nel.

Cando estaba acabado, a Raiña e Xoán subiron á torre máis alta coa pedra e alí a deixaron. Ó momento, da pedra saíron uns potentes raios de luz deixando sen visión a todos os que estaban alí. Cando a recuperaron, o lugar estaba como antes: as casas estaban reconstruídas, a biblioteca, as tendas...

As demais cidades destruídas voltaron a ser o que eran e as xentes que acompañaron a Xoán regresaron ás súas.

Grazas a esta pedra, tódalas cidades agora teñen un escudo que as protexen.

A Raiña estaba moi contenta con Xoán, agradeceullo e deixoulle pedir un desexo. El díxolle que estaba moi ben con eles, pero botaba de menos a súa familia e quixo ir con ela.

Ante esta petición a Raiña só lle pediu que non revelase nunca a ninguén o que hai nas profundidades do océano; se o cumpría deixaríao ir.

Xoán prometeullo e regresou á casa coa súa familia. Contoulles que estivera á deriva e que un barco o atopara en alta mar. Xamais revelou o que lle acontecera en realidade.

Anos despois, cando Xoán vai pescar só, segue visitando os seus novos amigos e pasa agradables tardes con eles.

Guillermo Rodríguez Alonso
IES Auga da Laxe. 1º Premio.

UN HOME CHAMADO NINGUÉN

Cando o vin por primeira vez, camiñaba pola rúa do hospital, cun característico aire perdido. Tiña barba gris e sucia, coma as longas canas que sucaban o seu rostro, provenientes da súa cabeleira que lle chegaba aos ombreiros. Levaba unha camisa de la, a cadros verdes e amarelos, que xa perderan toda a vivacidade das súas cores, sucia e rota, pantalóns con rachóns. Os ollos azuis, afundidos baixo a fronte, que asemellaban a dúas febles estrelas nun escuro mar, e amosaban loucura, nunha expresión de mestura de incompreensión, sorpresa permanente e unha fonda tristeza. Non debía ter máis duns corenta anos, pero as circunstancias facíanlle anos de máis. Non tiña nome, tampouco tiña a ninguén que o nomease, non o necesitaba. Nese tempo gañárase a fama de tolo porque acostumaba falar en alto polas rúas, alamándo ao xentío cos seus incomprensibles e estraños discursos.

Pouco a pouco comezou a ser molesto para as autoridades; non se sabe moi ben por que delito un bo día o arrestaron e foi parar ao cárcere. Recibiu malleiras namais entrar na cela. Xuntouse con algúns ionquis que o viciaron e infectaron.

Cando saíu, estaba aínda máis tolo, víase vagar sen rumbo pola cidade, morto de fame. A xente asustábase ao ver a alguén así pola rúa, e os polis obrigárono a desprazarse ás rúas menos concorridas, o burato infernal da cidade, os baixos fondos.

"Okupou" unha casa nun solar abandonado do porto, onde se depositaba o entullo das obras do redor, e atopou un pequeno refuxio. Saía ás noites a procurar comida nos vertedeiros, a carón dos gatos, os seus únicos compañeiros.

Cando xa levaba tres anos de mala vida na súa casa-entullo do porto, unha empresa construtora limpou o solar e demoleu a casa co pobre home dentro, para construír un bloque de pisos. Cando os obreiros o atoparon entre os restos era un corpo de veas pegadas aos ósos, apenas respiraba, magullado e cheo de sangue.

Pasou longo tempo no hospital, onde foi reanimado, desintoxicado e nutrido levemente. Salvouno a compaixón das enfermeiras, que o alimentaron e cuidaron. Foi dado de alta tres semanas despois, e viuse de novo sen fogar.

1- SEN RUMBO

Saía camiñando azarosamente do hospital, onde lle deran acubillo unha noite máis. Eu estaba a velo mentres tomaba un café cuns amigos. Despistado, queimáballe nos ollos a luz dun pleno mediodía do outono. Mirou a ambos lados da rúa e cruzou torpemente. Paguei o meu café, despedínme dos meus amigos e fun ofrecerlle a miña axuda, pero en canto lle falei saíu correndo asustado. Decidín seguilo. Camiñou e camiñou polas rúas da cidade, sen rumbo, cada vez máis perdido.

Cansei, e fun durmir para a casa.

Unha noite, á saída do cine, vino metido nunha caseta do parque infantil, encollido, buscando unha pouca de calor no frío da noite. Observando agochado tras un bambán distinguín perfectamente que estaba a tremer, os ollos brillábanlle de terror. Pensei que era o medo á policía, ou a ser golpeado por algunha panda de xenófobos. Angustiado, agochado no seu recuncho, tremendo de frío e medo. Mostrando a súa dor ou a súa loucura, comezou a chorar en silencio mentres coa cabeza golpeaba o chan. Pouco despois levantouse e mirou polo oco da caseta ao exterior. Puiden distinguir unha mirada diferente no seu rostro.

2- DOCE FLOR

Unha moza paseaba polo parque, co pelo longo e negro, pouca roupa para a frescura da noite, cun andar bastante torpe. Viuna pasar e quedou fascinado, pouco importaba a súa profesión (que era bastante obvia), pois parecelle unha princesa desas polas que tódolos homes suspiran e compoñen poemas. Seguiuna coa mirada ata que desapareceu. Saíu da caseta sen medo, arrincou unha flor do chan, alzouna cara ao ceo mentres a observaba e comezou a falar en alto cun ton entrecortado aínda que decidido:

—Non vin o momento de facerche entrega do meu amor, querida e doce amada, ata que te vin pasar por diante dos meus ollos, que bañados na luz deste alto candil- mirando cara á farola- viron pasar as túas fermosas formas que acenderon a miña ialma.

Dicía isto entrecortadamente, pois lle costaba falar por te-la voz en desuso, pero as súas palabras de amor prolongáronse ata a madrugada, mentres a xente que acudía presto ao traballo observaba a loucura do pregoeiro amoroso.

Soltou a flor, que se deslizou polos seus sucios dedos e caíu no chan. Deitouse alí mesmo mirando o ceo arrubiado do amencer.

3- OS XIGANTES

Déronlle un golpe co pé no brazo, sacándoo do seu ensimesmamento.

-Bos días- tronou unha voz grave.

O home levantou a cabeza e viu un enorme policía, ese home que tanto tenía.

Quedóuselle mirando, cos ollos coma pratos e paralizado do medo, ata que o poli perdendo a paciencia o amarró polo brazo intentando erguelo e arrastralo cara ao coche patrulla, onde agardaba outro policía. Cando se viu neste trance, dándose conta da situación, comezou a gritar e patexar coa escasa enerxía que podía ter un corpo desnutrido. O policía, alarmado, soltouno.

-n...non me lev...levar...levaredes -dixo con voz nerviosa.

-Só queremos axudarte -respondeu este tentando volver amarrar-lle o brazo.

O home, moi asustado, deuse a volta e comezou a correr torpemente, fuxindo dese xigante que comezaba a perseguilo. Fun detrás deles, os policías fartáronse enseguida e miráronme pasar algo estraños. Puiden atopalo apoiado nun portal, descubrín unhas bágoas que se deslizaban e mollaban xa a súa vella camisa. Voltaba a ter medo, sentíase avergoñado.

4- AS POBRES ALMAS DO PORTO

Un can ladroulle ao sol, que xa se descubría polo horizonte. O solitario home saíu do portal, camiñando sen deixar de miralo chan. Parecía ter moita fame, baixou polas rúas ata o porto. Alí, algunhas desgraciadas xentes ao redor dun bidón con lume asaban uns peixes deses que caen das patelas dos barcos cando os levan á lonxa.

Achegouse para quentar as mans no lume. Os mendigos e sucias xentes que alí estaban pousaron unha caixa de plástico onde había sardiñas medianamente frescas. Cada un pinchou unha e puxéronas ao lume. Sen falar, case sen mirarse, aqueles sete desgraciados comían con ansia as súas sardiñas residuais.

El colleu a súa a medio asar, levantouna e sen máis preámbulos sobresaltou aos oíntes con estas improvisadas palabras:

-Se non houbera de avergoñarme desta miña maldita vida, non habería de queixarme desta xentileza, que a xente de máis esqueceuse dun remoto pasado no que non existía a propiedade, onde para comer non había máis que coller o que deus nos brindara nesta natureza que, se non todo se fixese en masa para enriquecer a uns poucos, sería de sobra para todos, e non teríamos que pasar fame neste inferno; mais así vós compartides este escaso sustento noso para todos aqueles que o necesiten, conmovendo coma tantas outras veces o meu desgraciado corazón.

Chegando a este punto, comezou a comer. Os asustados mendigos,

que xa o tomaran por tolo perdido, seguiron pinchando sardiñas para poñelas no lume sen quitarlle a vista ao que agora choraba.

5- LÁZARO

A noite chegou. Ficara sentado nun banco dun barrio onde os policías non soían rondar, e onde estaba relativamente a salvo, porque a verdade é que alguén coma el nunca estaba a salvo da potente xenofobia que fedía naquela sociedade. A xente da pouco transitada rúa mirábo con desprezo, ou simplemente o ignoraban ao pasar. Menos mal que xa non lle quedaba máis xuízo que perder.

Sentei no banco, ao seu carón, e esta vez non se asustou, simplemente quedou quedo, coas extremidades en tensión. Saquei un bocadillo que levaba no gabán e ofrecínllo. En canto o viu arrincouno da man coma se fose o máis valioso do mundo. Cria terme gañado un pouco da súa confianza, así que me dispuxen a falar con el.

Dos incoherentes discursos que me soltou alí, puíden deducir un pouco máis do que se cocía naquela escura mente. Vagaba, e pensaba, tan só pensaba, cavilaba e cavilaba cousas fantásticas, mundos mellores, produto dunha infancia que nunca tivera.

Non vía o mundo coma os demais, el vía unha realidade escura e chea de medos e perigos, aos que nunca podería acostumarse por ser só un fraco e débil pobre.

Aínda non rematara de tatear cousas deste mesmo tipo, cando un can palleiro, de mal talle e peor andar, achegouse a lambelme a man que cheiraba a tortilla do meu bocata. Non afeito ao cariño e á calor, esvaráronlle unhas bágoas polo rostro.

-Hoxe é.. é un b-bo día.. seica teño sorte -e miroume cun sorriso.

O can, acostumado a paos, recoñeceu a alguén tan inferior coma el e deitouse aos seus pés a pasa-la noite. Gustoulle e comoveulle tanto aquela mostra de amor da que tanto andaba necesitado que, logo de nomealo como Lázaro, prometeulle polo baixiño compartir con el a comida que conseguise, que xa é moita para alguén que nada tiña. Sentín moita mágoa, pero xa comezaba a escurecer. Ía invitalo a dumar na miña casa, ou nalgún lugar mellor que aquel banco, pero non me atrevín, estaba tolo.

Fume tranquilo, agora víaselle feliz. El quedou alí, á luz dun farol, sentado no banco e acariciando o can.

6- O MURAL DAS LETRAS PERDIDAS

Á mañá seguinte regresei ao lugar. O día comezaba cunhas tristes

e grises nubes que cubrían todo o ceo. Cheguei a tempo de velo despedirse do seu efémero can, que ironicamente nin se levantou de alí nin camiñou máis.

Tiña frío, e aquelas nubes ameazaban con soltar unha fría e non benvinda chuvia. Mirou o pavimento, sempre ía mirando o chan, como se intentase desentrañar un significado secreto na orde das baldosas. Chocou contra alguén, e espantouse tanto que caíu cara atrás. Alzou a cabeza e viu un home elegante, que limpaba sacudindo o seu traxe por diante. Cando rematou, mirou ao home pobre con desprezo e seguiu adiante. Estaba atrevéndose de máis, aquelas rúas eran prohibidas e perigosas, pero ía perdendo o medo, non tiña máis que perder nin podía chegar máis fondo do que xa estaba, si sen embargo tiña moito que gañar.

Movido pola súa tolería, colleu un trozo de pizarra de tellado e comezou a escribir os seus pensamentos nunha parede. Mal escrito, con mal vocabulario e peor ortografía, as palabras delirantes de loucura e desidia mental que o afirmaban coma tolo.

Escribiu sobre as plumas das aves, nas luces dos ollos das persoas e nos límites dos obxectos no espazo material. Moitos máis delirios increíbles, propios tal vez dun neno que non percibe completamente o mundo.

Tras moitas frases sen razón nin orde concreta, rematou de escribir e foise. Enchera completamente a parede de liñas de loucura torcidas cara abaixo.

Este mural foi un misterio para as dúas ou tres persoas que se pararon a ler antes de que a chuvia o borrara, coma se borran os soños e as ilusións nos infortunios da condenada vida.

7- SOÑOS SON

A súa mente era unha dispersa lufada de vento, que cambiaba de dirección ao máis mínimo. Tamén el se movía coma o vento, dun lado cara a outro. Así, os seus soños e ilusións confundíanse sen unha pauta concreta entre a ventisca que albergaba no seu cerebro, mesturando nunha disforme miscelánea toda a súa realidade. A medida que o observabas, ías notando novos aspectos da súa loucura.

—Quixera abraza-lo sol para comparti-la súa calor, derribalas paredes que me encerran ou baleira-lo mar, pero volvo a caer nesta voráxine escura que volve a inundalo todo. Perdo a noción espacial de min mesmo e o único que vexo é o meu amor, a suma de tódolos rostros amables e sorrisos cos que algunhas poucas persoas me agasallaron, sen prexuízos, con amor.

Recitaba este discurso, encollido no recuncho dun sucio portal.

Estremeceume escoitalo, xa que estas palabras amosaban que percibía difusamente o que lle pasaba e, ás veces, tiña a conciencia despexada. Durmiu alí mesmo. Pero foi un erro.

8- ESTOUPA O SOL

Na súa busca, rematei nun psiquiátrico, onde o levaron logo de sedalo profundamente. Aillárono nunha cela, amarrado cunha camisa de forza. Morreu, segundo consta no parte médico, dun infarto ao corazón. A verdade é que lle deu un ataque de histeria, deuse de cabezadas contra a cama, patadas ás paredes, non puideron calmalo, pasáronse cos sedantes. O que menos necesitaba era voltar a privalo de liberdade, dalgunha maneira sentíame culpable.

Fíxenme cargo de todo, pagueille un nicho no cemiterio e unha lápida:

EIQUÍ XACE UN HOME SEN NOME.

Xoán Magallanes Ferreira
ISM Panxón. 2º premio.

NOIVADO ENCANTADO

Nos tempos máis remotos, cando o Chiscas aínda andaba en moto e Manolo, o do carretillo, aínda non probaba o pitillo, xurdiu o amor entre a duquesa de Montealto e o conde de Bezoya. Din algúns contos, lendas ou cantigas que de alí nunca xurdiu nada; eu cóntovos esta historia como ma contaron a min.

Un día calquera, nun lugar calquera... Ben, calquera non; no pazo da duquesa, o conde de Bezoya foi cantar o seu amor á duquesa:

—Xoia prezada, de inigualable galanura, ¿quererá ser a miña amada?

—¿Quen ousa vir á miña alcoba con tan bonita presentación?

—Son o Conde de Bezoya, son o conde narizón. Miña xoia, ascmádevos ó balcón.

—Vou axiña, espero que a vosa presenza sexa tan boa coma a vosa labia.

—Desexo, con todo o meu corazón, que a miña presenza vos agrade, porque se non, miña amada, a miña alma será soterrada no fondo do mar máis profundo ou aínda máis abaixo.

—Agora saio. ¡Por Deus! ¡Que naricísimo máis infinito!

—Son o conde de Bezoya, e se grande é o meu nariz, grande será a miña ...nobreza.

—A min impórtame o que di o corazón, non o poder.

—Meu ben, eu... Só quería que vos fixásedes nos meus máis puros sentimentos por vós, non no meu aspecto externo.

Quixera que o voso corazón ditase afectos tan poderosos como os que o meu sente por vós.

—Veña, deixémonos de andrómenas e decideme a que se debe a vosa visita.

—Eu quixera desposala e levala ó meu condado e alí gozar como ningún da vosa incomparable beleza .

—Devez por que así sexa, non hai cousa que queira máis, mais deste castelo saír non podo e quizais non poida endexar - mais.

—Non te entendo, miña amada.

—Non é nada... Mais estou encantada e a unhas cadeas atada que só se rompen coa forza do amor verdadeiro e coa ruptura do encantamento da miña madrasta.

—Pois sen ti non marchó de aquí, e aquí onde mesmo estou esta daga forzado no mesmo inferno cravareina no centro do

corazón, se non podo sacala da súa prisión.

—¡Non!! Hai unha solución. No solpor has vir xunto a min e con esa mesma daga enchoupada en sangue poderás romper as cadeas que me teñen présa, se é que o teu amor é verdadeiro.

Así foi como o conde de Bezoya se achegou a ela no solpor e libérouna das cadeas que a tiñan présa desde que a súa madrastra a encantara por sentir ciumes dela e do cariño que lle tiña seu pai, agora xa difunto. Non se preocupen, amigos oíntes, que eu explicareilles ben o suceso, iso si, segundo as crónicas, que eu non nacín sabido nin a madrastra naceu querida.

Ó ano de morrer súa nai, seu pai casara coa que agora é a súa madrastra. Esta dende o principio sempre sentiu ciumes dela polo grande amor que lle tiña seu pai. Foi por iso que unha noite sen lúa a madrastra contactou co diaño por medio dun conxuro e fixo que seu home, o pai da rapaza, odiase a esta.

Era tal o odio que o pai sentía pola súa filla que mandou que viñeran os mellores magos que se coñecían daquela e que lle demostraran o que sabían facer. Aquela noite o pazo foi testemuña das peores torturas que calquera de nós poidamos imaxinar. Pero o rei, que no fondo aínda quería á súa filla, non permitiu que sufrira e decidiu escoller unha na que non correra perigo a saúde da duquesa e impúxolle unha condena pola que unhas pesadísimas cadeas irrompibles tiñana fortemente amordazada e non podía saír da alcoba. Ditas cadeas só se podían romper cun sentimento de amor puro e con algo que fora insensible ao lume do inferno. Foron moitos os que intentaron liberar tal beleza daquela tortura, pero fracasaron no intento. E así foi como por cousa do destino apareceu o conde de Bezoya, o primeiro home que fixera espertar algo no corazón da duquesa despois do seu pai. Liberouna, e enseguida os servos do rei puxéronse na súa busca e captura, pero o conde de Bezoya, que coñecía Camos como a palma da súa man, escapou coa duquesa e escondéronse nunha chabola que estaba situada onde actualmente están os bolos celtas, ao lado dunha fonte na que de vez en cando, aínda hoxe, se te pos moi preto e prestas moita atención podes escoitar os lamentos da duquesa que non podía deixar de pensar en que o seu propio pai, o mesmo ao que ela amaba tanto, quixera matala. Alí seguiron ata a morte da madrastra, momento no que o seu pai espertou do seu meigallo e recordou onde a duquesa de pequena soía ir xogar e foi persoalmente buscalos e levounos para o pazo. Alí foron conde e duquesa ata que unha terrible enfermidade acabou coa vida do rei en cuestión de días. Polo tanto convertéronse en rei e raíña. Cousa que alegrou por unha parte ao pobo, porque eran moi queridos, pero tamén tiñan unha gran mágoa porque lles morrera o rei.

Xa estaban nun lugar moi afastado do noso mundo, chamado Camos, cando un día, coma é de supoñer nas historias de princesas e dragóns, perdón, de condes, el foi cazar un dragón, perdón, un cervo. Sen embargo, na metade do camiño, coma era de esperar nun monte tan frondoso e tupido, caera nun cavorco que por alí había. Botou un par de días sen coñecemento e outros tantos a camiñar sen rumbo e co chumbo co que vestía, e loxicamente non apareceu polo castelo, cousa que fixo que a duquesa se puxera moi nerviosa.

A duquesa escolleu os seus mellores homes para que o foran buscar. E a mañá seguinte unha ducia de homes saíron pola porta do pazo subidos nos mellores cabalos que había en todo o reino. Repasaron todos os montes, dende Chandebrito ata Nigrán pasando por Priegue, pero non atoparon nada. Cada día a esperanza de atopar agora novo rei era máis pequena e a desesperación no pazo ía en aumento. Cando chegaron preto do faro do Monteferrro, viron como uns sinais de lume alumeban a costa, sen saber a súa orixe. Baixaron ata a ribeira e alía atoparon o rei, ferido de morte, tentando facer sinais da súa presenza e berrando o nome da súa amada. Todos alí tiñan medo a movelo e desprazalo e que se fixera máis profunda a súa ferida. Por iso mandaron a un enviado para avisar á duquesa.

Cada vez os saloucos eran máis agudos, cada momento a dor aumentaba con cada segundo que non podía contemplala, cada salouco facíase máis triste ata que, por fin, apareceu a duquesa que impulsada pola forza do seu sentimento, colleu unha daga e fíxose unha ferida para mergullala no seu sangue e cravouna no lugar da ferida do seu amado. Hoxe en día non se sabe cómo, pero contan os fillos dos seus fillos que puideron seguir a súa historia, no pazo da Touza durante o resto dos seus días.

Contan algunhas vellas lendas que tódolos seus descendentes teñen unha marca preto do peito. Os máis din que é un defecto da pel, os menos imaxinan que é a marca da daga coa que se feriron os amantes da Touza. Eu non sei, pero dende que nacín e me vin diante dun espello, sorprendinme de ver diante miña unha marca de nacemento coma esta... que teño no peito.

Lorena Puentes Rial
IES Escolás Proval. 3º premio.

A RAPAZA QUE NUNCA O ESQUECEU

Todo empezou unha tarde na que Marieta saíra da escola e, de socato, encontrouse con Marcos. Ese rapaz era o que ela sempre buscara: guapo, ollos azuis, pelo curto e moreno. Leváboo de punta como case tódolos rapaces de hoxe en día. Parecía un rapaz simpático, pero ela decatouse dun problema: ese rapaz tan guapo e tan xeitoso que encontrara á saída da escola tiña moza.

Marieta cursaba 2º da ESO e un martes, a primeira hora, a súa titora díxolles que ían vir un rapaz e unha rapaza para a clase. Marieta non lle deu importancia ao que a súa titora lles dixo. De socato, os novos alumnos entraron pola porta... era Marcos!!!

Marieta quedou abarrida, non o podía crer. A rapaza nova era a que ela vira con Marcos cando saíra da escola. A titora presentounos ó resto da clase. ¿Sabedes unha cousa? A rapaza que ela vira con Marcos resultou ser a súa irmá.

Co paso dos días Marcos fíxose amigo de Marieta. Ela estaba moi namorada del, pero pensaba que Marcos nunca se namoraría dela. Un día, cando Marieta ía para a casa da súa avoa, encontrou a Marcos bicándose con Rubí, que era a súa mellor amiga. Rubí sabía todo o que Marieta sentía por Marcos e aínda así estíbese bicando con el. O peor de todo era que Rubí non estaba namorada, nin lle gustaba Marcos. Dende ese momento Marieta e Rubí non se volveron dirixir a palabra. Rubí e Marcos seguiron xuntos, pero Marcos non se deu conta do tipo de rapaza que era Rubí.

Co paso dos anos, cando xa remataran a carreira, Marieta encontrouse con Marcos. El díxolle que xa non estaba con Rubí, que xa se dera conta da clase de rapaza que era. Marieta reaccionou dándolle un bico, e co paso do tempo saíron xuntos. Ninguén cría este acontecemento xa que todos pensaban que Marcos non se ía fixar en Marieta, aquela rapaza tímida que sempre estaba sorrindo, con cara de felicidade; aquela rapaza que era amiga dos seus amigos e que sempre os apoiara. Dende ese momento Marcos e Marieta empezaron a saír.

Cando xa tiñan 22 anos decidiron casar. Esta decisión non lles gustou aos pais de Marcos, que nunca aceptaron a Marieta. Pero a pesar da oposición dos pais de Marcos casaron. Un día, Marcos desapareceu e Marieta buscouno e buscouno por todos os medios que puido, pero non o encontrou. Cansada de buscar chamou á policía, quen despois de buscarlo por todos os medios deuno por morto.

Marieta volveuse outra. Decidiu ir vivir a México. Pensou que alí ía esquecer o seu amado Marcos.

En México coñeceu a Cecilio e casou con el. Pasados uns anos, Marieta decidiu separarse de Cecilio. Non conseguira esquecerse de Marcos.

Cinco anos despois da súa separación, Marieta volveu casar cun mexicano chamado Manuel. Dese matrimonio tivo tres fillos: María, Iria e Guillermo. Os problemas volveron a xurdir porque ela seguía sen esquecer a Marcos. Pero isto non foi todo. Manuel maltratábaa e ela non se atrevía a separarse por medo.

Un día, por sorpresa, recibiu unha chamada. A voz era dun home que non paraba de lle preguntar cousas, ata que dixo o nome: Marcos. Quedaron para verse pola tarde nun parque.

Ela acudiu cos seus fillos, para que Manuel non sospeitase nada. Cando chegou case morre da sorpresa: era o seu Marcos, o seu amado, o home que sempre quixo, e o que nunca conseguira esquecer.

Coa axuda de Marcos e dos seus fillos, Marieta volveu para Galicia, a súa prezada terra natal, de onde marchara obrigada polas circunstancias.

Pero o seu marido, Manuel, buscouna por tódolos lados de México. Ao non atopar rastro dela en México, Manuel decidiu viaxar a Galicia. Mentres tanto, Marieta e os seus fillos vivían con Marcos. Estaban contentísimos todos xuntos despois de todo o que sucedera. Manuel atopounos e para vingarse raptou aos fillos.

Marieta e Marcos, desesperados, buscáronos coma tolos por tódolos lugares. A policía, despois de atopar o cadáver de María, deunos a todos por mortos. Marieta, desesperada, intentouse suicidar, pero Marcos impediuno.

Ao día seguinte encontraron o cadáver de Guillermo. Marieta intentouse afogar, pero unha vez máis Marcos conseguiu salvarlle a vida animándoa para seguir adiante na busca de Iria, a filla da que aínda non sabía o seu paradeiro. Marieta animouse, coa axuda de Marcos seguiron buscando. Marieta e Marcos gastaron todo o que tiñan e ata venderon a casa para buscar a única filla que lles quedaba.

Un día quedaron a dummer na beira dun río. Alí atoparon un cadáver en estado de descomposición avanzado. Despois de moitas probas conseguiron identificalo. Era o cadáver de Iria, a última filla que lle quedaba a Marieta.

Marieta e Marcos quedaron a dummer ao pé da tumba dos seus fillos, pero a Marcos déronlle ganas de beber e foi á igrexa buscar algo de beber. Cando volveu descubriu a escena máis trágica da súa vida. Marieta estaba tumbada no chan cun coitelo cravado no corazón. El que-

dou toda a noite agarrado a Marieta chorando. Pola mañá chegou o cura

e atopou a Marieta e Marcos mortos ao pé da tumba dos fillos de

Marieta.

Raúl Costas Pereira
IES Escolas Proval. 1º premio.

¿VICTORIA?

1. O ESPERTAR...

Nacín nos suburbios do sector 7, alá debaixo da plataforma, debaixo das casas dos ricos, onde non hai luz, aínda que en Neo-Midel nunca é de día; ás veces á plataforma superior chega a claridade da lúa.

Non tiveren mala infancia ata que morreu miña nai. Despois, quedei tirado na rúa. Agora, a corporación Shenova ten oficinas de apadriñamento, pero daquela só che quedaba vivir nun orfanato. Cando xa fun o suficientemente maior ingresei no exército de Shenova, para un neno orfo non había moitas máis saídas. Nestes intres estamos no Nadal, celebramos o 2745 aniversario do nacemento de Xesús.

Ultimamente a vida no planeta avanzara bastante, tiñamos máis ou menos tantos avances como no século XXI; o holocausto nuclear fixo perder a maioría da tecnoloxía, pero a raza humana estaba practicamente repoboada.

Chegara a Neo-Midel despois de 5 anos, estaba algo cambiado, pero seguía sendo o mesmo: o edificio da corporación Shenova, as partes superiores dos sectores, as partes inferiores dos sectores, os suburbios... Entraba por primeira vez no edificio Shenova, xa que estaba de permiso, e a corporación deixábanos dummer aquí e andar ata a planta nº 50.

Cando cheguei ao cuarto que me asignaron, o primeiro que fixen despois de quitar a máscara do uniforme foi mirar o gran póster que había pendurado na parede, o seu slogan era un si pola seguridade, un non ás armas. Era unha campaña que establecera Shenova, prohibía todas as armas de fogo, aínda que ilegalmente circulaban moitas, demasiadas. No exército habíaas, pero os soldados de elite coma min íamos armados con espadas. Tiña que ter coidado, se cometía un erro no meu plan sería decisivo na miña vida. Fun á cafetería, e atopeime con Rian, un dos que foi compañeiro meu no primeiro mes que entrara no exército; nese momento acordeime da historia que me contara, díxerame que unha vez o destinaran con Zerma, daquela eu non sabía nin o que era Zerma.

Achegueime a el e pregunteille por esa anécdota, contoume o que xa supuxen. Zerma era a guerreira máis destacada das forzas de elite de Shenova, era a mellor entre os mellores, todo un mito. Dícian que na última misión que lle encomendaran volvérase tola, matara a todo o seu

pelotón e que logo fuxiu, aló ás montañas do norte, máis tarde contan que morreu. Repetíume que si, que era verdade, que unha vez estivera con ela, que a vira, díxome que era femosa, que tiña os cabelos longos e brancos, e que os seus ollos eran os zafiros máis azuis que xamais vira. Despois da conversa, fun cara ao meu cuarto.

Se tiña sorte e todo saía ben eu tamén pasaría á historia coma Zerma, o meu plan era simple, tiña que roubar fose como fose unha tarxeta de acceso ao edificio que tivera o control do ascensor ata a planta 250, o despacho do presidente. Unha vez alí, tería que asasinalo, eu formaba parte dunha banda terrorista, esa era a miña misión, tiñamos que matalo. Saín do edificio para atoparme coa demais xente da misión, non foi difícil, aló estaban, Xera e Lirton, os meus inseparables compañeiros do orfanato, saudeinos despois de cinco anos. Logo fomos a toda présa cara ao edificio Shenova.

Coordinamos todo o plan. Lirton levaba unha arma, unha metralleta, casualmente como a que saía no póster do meu cuarto. Xera pele-xaba sempre coas mans, dende pequena foi unha gran loitadora, tiña o máximo rango na disciplina de loita.

Dadas as doce en punto saímos, fomos ata a planta 50. Era un gran xardín completamente baleiro, non había ninguén máis ca dous gardas. Xera desfíxose deles facilmente, abondáronlle tres golpes. Collimos a súa tarxeta de acceso que tiña permiso ata a planta número 170 e subimos no ascensor. Premín o botón cando...¡que sorpresa!, uns dez gardas apuntábannos tan axiña como abriu a porta. Eu só notei un pequeno golpe na caluga.

2. O PRIMEIRO SOÑO...

Espertei, ¡que carallo de soño tivera!, un edificio, Shenova, nin ida...

Erguinme da cama e fun cara ao baño, ¡vaia!, tiña que pensar en barbearme, pero outro día, hoxe non, baixei, almorcei, e como era sábado e as catro e media da tarde marchei ao sitio de sempre a tomar algo.

Alí estaban todos, risas por aquí, risas por acó, cubata vén, cervexa vai, á quinta xa estaba farto, todos os sábados igual, sempre ir ao puto bar, emborracharse, pero que máis podías facer...

Quedei pensando un anaco no soño que tivera, intrigoume, gustárame pórllle un final.

Collín o coche e fun ata casa de Buka, aló estaban, Buka e Kolpi. Díxenlle a Kolpi se viña esa noite comigo, por aí de marcha. Contestou cun sorriso...

Despois de fumar un pouco para entrar en calor, fomos cara ao

coche, subimos e marchamos cara a Baiona, ata o Bibendum. Estaba ateigado de xente, repleto ata arriba. Soaba a música moi forte, moita caña. Esa noite o Bibendum estaba que rompía, mirábase a xente bailar, os flases batendo nos ollos, ollándoa a anacos, por treitos, a fotografías, notas a suor nas súas fronteiras, as miradas perdidas, as malas caras...

Quedei nunha mesa con Kolpi, falamos dos vellos tempos, dos anos da aldea, nesos nos que aínda es inocente, eses son os que máis botas de menos, eses nunca se poderán repetir. Agora hai outras diversións, agora está o whisky, a mariguana, as festas, que tampouco están nada mal...

Despois fomos ata o Basic, aínda había máis ambiente, máis cubatas, máis caña. Seguín a beber, canto máis bebía, mellor baixaba, un sorriso cunha por aquí, outro con outra por acá, ¡todo ía ben!, a miña borracheira era do mellor, non estás podre, nin tampouco deprimido, pero de súpeto...

Foi como se todo o alcohol se baleirase do corpo, aló, ao lonxe, un tipo empurraba a Kolpi e berráballe. Fun dereito cara a el, sacudínlle con todas as miñas forzas, caeu ao chan e botou as mans á cara, estaba sangrando por algún lado. Saltaron os seus amigos, logo o persoal de seguridade. Leváronnos fóra, discutimos, levantamos a voz. Un deume un puñazo e unha patada. Agarreino pola cabeza e deille un xeonllazo no nariz, notei como escachaba o seu tabique contra o meu óso...

Cando erguín a vista escoitei un berro, de Kolpi, advertíame non sei que, sentín un pinchazo na miña cintura, creo lembrar que botei as mans ao abdome, quedaron tinxidas de sangue, despois varréuseme a vista e pecháronse os ollos...

3. O SEGUNDO ESPERTAR...

Tivera un feixe de alucinacións polo golpe, erguinme e estábamos nunha cela. Chamamos ao garda, pero ninguén facía caso, pasamos arredor de quince minutos dentro. Máis tarde decatámonos de que a porta estaba aberta. A sorpresa que levamos non desmereceu á do ascensor. Un feixe de gardas mortos no chan, paredes ensanguentadas, corpos mutilados. Miramos o número de planta, piso 235, mellor para nós. Menos que subir, quen matou aos gardas axudounos no noso propósito. O que realmente me fodeu foi mirar a un garda, morrendo no chan, un tal Rian, soamente me dixo que non o intentara axudar, que liscara do edificio, que a cousa estaba moi fea.

4. O SEGUNDO SOÑO...

¡Que carallo fago nun hospital!, ¡aggg!, deime de conta cando tentara levantarme, a dor crecía no meu ventre, unha enfermeira díxome moi atenta que non tentara levantarme, que fora ingresado por mordunha navallada, que non me preocupara por nada, que tiña que aguantar dúas semanas máis antes de poder marchar.

Entrou Kolpi no cuarto e contoume a versión do que sucedera, acordamos vingármonos polo que me fixeron, ¡co ben que me sabe a min a vinganza!..., el a min cravoume, pero eu a el quizais lle preparase algo peor... Aceptei con resignación quedar alí dúas semanas, así tamén tiña tempo para planear como levar a cabo a miña vinganza, ollo por ollo, dente por dente...

5. O TERCEIRO ESPERTAR...

Fixen caso omiso ao que me dixo Rian, seguín cara arriba, non mirei para atrás, ía disposto a cumprir a miña misión, de vagar, coa miña espada na man e co valor na miña cabeza. O meu propósito estaba cinco plantas máis arriba, cada chanzo que subía máis lentos se facían os meus pasos.

Notaba o meu corpo, como se ía enchoupando en suor, o silencio era totalmente absoluto, escoitaba o ruído do aire cortando as miñas orellas. Notaba como se dobraba a sola das miñas botas. Notaba como o meu pelo arrandeaba ao camiñar, percibía o frescor do aire entrando polo nariz.

Só quedaban tres plantas. Todo estaba cheo de cadáveres, salvaxemente mutilados.

Dúas plantas para chegar, as paredes máis manchadas de sangue, no chan máis cadáveres, cascallos, pozas de sangue vermello e o meu reflexo no branco mármore...

A planta seguinte está limpa, non hai cadáveres, non obstante o silencio parece moito mais incómodo. Está practicamente baleira, dúas escaleiras enormes cara arriba, cara á planta número 250, subín polas escaleiras da dereita, pouco a pouco, paseniño... Cando cheguei arriba quedei abraiado.

6. O TERCEIRO SOÑO...

Xa pasaran dúas semanas, o valente que me cravara xa se podía ir preparando, ía quedar bo..., xa sabía onde vivía, os lugares que frecuentaba e como lle chamaban. Podía ir preparándose.

Collín o coche e fun buscar a Kolpi a súa casa. Quería vir comigo e non llo ía negar. Fomos ata a terraza do miradoiro, aparcamos onde anteriormente me cravara.

Alí estaba, puxo cara de susto, alegreime cando o fixo. Deille a maior patada que nunca lle dera a ninguén nas costelas, pero cando non o esperaba xa tiña un puñazo. A cabeza bateume contra o chan, quedei apampado, só mirei a Kolpi que se dirixía cara a el con xesto ameazante, estaba moi preto del, el tamén se dirixía cara a Kolpi...

7. O CUARTO ESPERTAR...

O corpo do presidente na súa enorme cadeira, fronte á súa mesa en forma de C, cravado cunha longa espada da súa mesma corporación. Mirei a miña espada, nun lado da empuñadura puña Zack, o meu nome, e polo outro Shenova.

Achegueime ao cadáver do presidente. Lin desde lonxe, na empuñadura da espada, Shenova, pero polo outro lado tería que pór o nome do soldado. Arrinqueille a espada e non daba creto aos meus ollos. O nome da empuñadura era ¡Zerma!...

Xa chegados ata aquí, ¿quen se ía dar de conta quen o matou? Estaba eu só, así que... tirei a espada por unha vidreira e puxen a miña no seu lugar.

Nese intre o presidente moveu un brazo á vez que abría os ollos, escoitei tres estoupidos, e notei tres buracos no meu corpo, un no pescozo, e dous no peito. Despois dos disparos escoitei o derradeiro suspiro do presidente, despois notei como morría...

8. O CUARTO SOÑO...

Miraba dende o chan como lle pegaban, primeiro a modo, logo máis forte, e máis logo dábanlle patadas no chan.

A min podían pegarme, pero aos meus amigos non, ¡a eles non!

Fun ao coche e collín o bate, mentres el seguía a propinarlle patadas. Íalle dar na cabeza, pero se estivese inconsciente non sufriría, deille nunha perna. Rachou, escoitouse ben, despois batinlle e batinlle, ata que non me quedaron folgos no corpo, ata matalo; despois collín o seu corpo e metino nun recuncho; logo, marchei coa cabeza ben alta...

9. A REALIDADE...

Eu penso que a furia e a cólera non serven absolutamente para nada, penso que o mellor sería un mundo sen violencia. Nos dous textos pódese ver claramente que os protagonistas conseguen os seus obxectivos... Pero á hora de pelexar, hai que escoller unha meta, que o seu fin non sexa unha derrota segura ou unha victoria estéril.

Nerea Rodríguez Rodríguez
Libre. 2º premio.

Cando chega o adeus

Tiña que almorzar rapidamente porque se lle ía facer tarde. Onte quedara ata tarde estudando e hoxe custáralle moito espertar. Ademais perder o autobús é unha das cousas que máis lle rebentaba. Mar era unha moza de pelo louro e ollos marróns, desas que tanto abundan, pero tiña algo que a facía moi guapa.

Saíu correndo da casa mentres puña un abrigo, e coas présas esqueceuse da mochila cos libros. Cando chegou abaixo e mirou a tódolos seus compañeiros na parada respirou relaxada. Foi tanta relaxación a que fixo que se lembrara dos libros e da recua de exercicios que hoxe tiña que entregar.

—¡Os libros! -exclamou.

Tivo que saír correndo cara á súa casa, porque pronto pasaría o autobús e non estaba disposta a marchar sen todo o que onte lle levara tanto tempo. Pero cando baixou xa era demasiado tarde. Ningún dos que collía o autobús con ela estaba xa.

Comezou entón a camiñar con desgana. Miraba para a xente que se cruzaba con ela. Deuse conta entón da cantidade de historias que sucedían ó seu redor e que ela nunca alcanzaría a coñecer. Do mesmo xeito que ela hoxe camiñaba pola rúa no canto de ir en autobús como tódolos días, habería moita outra xente que tería unha historia que contar.

Pasaba agora por un parque cheo de árbores cando viu pasar un coche fúnebre. Comezou a cavilar na historia desa persoa. A fugacidade de vida que nos asedia, mais outro pensamento viulle de repente á cabeza. A historia que o morto deixaría atrás, o que aínda lle faltaba por vivir ou mesmo o mal que o estarían a pasar as persoas que o coñecían... Foi con este pensamento co que chegou ó seu colexio.

Aínda que chegou un pouco tarde o profesor non lle dixo nada. Hoxe volvía faltar o seu mellor amigo, Miguel. Onte chamouno por teléfono á súa casa, pero ninguén colleu o teléfono, e como o móbil estaba apagado supuxo que estaba durmindo porque se atopaba mal.

Comezou a clase e comezou outra vez o de tódolos días.

Aburrimiento ó escoitar a soporífera voz do profesor. Mar sempre estivera segura de que ese home podería deixar durmido a calquera, aínda que estivera intoxicado de café, tan só con ter que escoitalo durante media hora. Por iso xa estaba ben acostumada a desconectar sempre que entraba pola porta.

Pero hoxe foi diferente para Mar. Ben lle tería gustado poder quedar durmida antes de escoitar a mala nova que lle ía caer enriba.

—Como todos sabedes, nin onte nin hoxe estivo con nós Miguel. Como titor é o meu deber, aínda que non sexa do meu agrado, ter que dicirvos que... pois que... que dende onte pola noite Miguel xa non se atopa entre nós.

Fíxose daquela un dos silencios máis longos e duros para ela. Notou mesmo como algo dentro do seu interior caía abaixo. Esperaba que todo o que escoitara fora un malentendido, que tivera que marchar porque por fin se organizara o concurso de vela para o que como campión galego estaba seleccionado.

Pero foi o mestre o que a trouxo de volta.

—Onte pola mañá comezou a atoparse mal e os médicos non puideron dar co seu mal. E cando quedou durmido xa non volveu a espertar.

Pensou que debía de estar tomándolle o pelo. Era unha simple broma de mal gusto, aínda que non collera o teléfono. Aínda que non houbese ninguén en casa... Ou simplemente era a crúa e fría realidade que caía sobre ela rompéndolle parte da súa alma, dos seus recordos...

Non sabía que facer, nunca vivira nada semellante. O seu mellor amigo morto. Viñéronlle de súpeto ganas de chorar. A xente comezara agora a murmurar. Miguel era moi querido, pero ninguén o quería tanto nesa clase como ela. Sentiu necesidade de afastarse de toda esa xente. Levantouse e marchou, e tiña moi claro que ninguén llo ía impedir. ¿Que ían facer, matala a ela tamén?

Como se fose un acto instintivo pechouse no baño. Alí comezou a chorar. Primeiro foron unhas bágoas sixilosas, sen que ningún pensamento xirase pola súa cabeza, pero conforme pasaba o tempo e ía asimilando a noticia dábase conta de que nunca o volvería ver. De que alguén lle acababa de arrincar dun día para outro o que máis quería no

mundo. Pasaran xuntos case tódolos días dende que se coñeceran, ían xa dez anos. Foran os dez anos máis felices da súa vida, e fóranos grazas a el. Creceran xuntos. Mar era o que era porque el llo ensinara todo... Comezou a chorar máis forte, porque nunca volvería ver a persoa coa que compartía todo. Era como un noivo ou como unha mellor amiga. Pero moito mellor...

Comezou a pensar nos plans que tiña Miguel para o futuro. Era un rapaz deportista, campión de vela, boas notas e ante todo unha boa persoa. Gustáballe divertirse, pero nunca lle faría nada malo a ninguén. Mar necesitaba un motivo. Quería que alguén lle dese un motivo xa. Un motivo para aliviar a súa dor. ¿Por que Miguel? Con tódalas persoas vellas e malas no mundo quen sería o desatinado que fixo que Miguel morrera... Cada lembranza na que aparecía era agora como unha espíña que se metía moi dentro que lle parecía imposible de sacar xamais.

Comíalle a cabeza pensar que ela estivera alegremente escoitando música e facendo exercicios, mirando a tele, coa única preocupación de que mañá habería que madrugar, mentres a mellor persoa que coñecería na vida morría. Sabía que non podía facer nada polo xa feito. Aínda que oxalá se tivese enterado antes... Para darlle un derradeiro adeus. O definitivo. Volver a ver por última vez o seu sorriso, ou mesmo escoitar un dos seus chistes... Todo o que facía, por insignificante que parecese, pasaba pola cabeza de Mar, facendo que o baleiro que deixaba fose aínda maior.

Mais de súpeto un novo recordo. Sentada na tapa do váter, mirando para a porta branca. Todo asépticamente branco. Todo limpo, recordando a vida. Mentres que todo debería ser negro. Non debería ter aparecido o sol esa mañá. Aínda que para Mar xa se fixera de noite. Tiña a sensación de que pasaría o resto da súa vida vivindo na escuridade, nunha noite infinita... Lembrouse de que non chegou a despedirse del. O último día marcharon enfadados cada un polo seu lado, aínda que os dous sabían que era unha parvada de nenos pequenos. Pero iso daba igual. Unha parvada insignificante fixo que os seus camiños se separasen sen tan sequera un adeus.

Petaron na porta interrompendo os seus pensamentos. Con ollos húmidos e mans trementes abriu a porta sen saber a quen atoparía do outro lado. Daría todo o que tiña porque fose unha persoa... pero tan só era unha mestra. Deixárona marchar á casa. Deberon comprender que aínda que quedara estaría ausente, porque nestes momentos o seu pensamento debía estar con outra persoa.

Irene foina acompañar, non fora que lle dera un ataque de nervios ou algo. Mentres ían pola rúa ían en silencio. Mar non falaba, nin quería nin podía, simplemente sentía que xa non lle quedaba nada por dicir. Irene acompañábase en silencio para non perturbar os seus pensamentos, xa que se imaxinaba o que debía estar pasando neses momentos. Mar mantiña a mirada fixa nun punto. Coa cabeza erguida e as mans nos petos. Pese a esta postura de fortaleza externa, o seu interior esboroábase pouco a pouco.

Foi entón cando pasaron polo parque onde esa mesma mañá vira ese coche fúnebre. Tal vez fose o do seu amigo. Tal vez fose o coche que levaba a súa alegría. Lembra os pensamentos que lle viñeran antes á cabeza. O que a persoa deixaría atrás, o que lle quedaba por vivir, o sufrimento das persoas que o coñecían... Antes eran só cuestións para Mar, pero agora convertéranse na realidade máis irremediable da súa vida. A imaxe do coche pasaba unha e outra vez por diante dos seus ollos, mentres unha bágoa tras outra percorrían as súas meixelas.

Comezaba un proceso de asimilación da noticia. As bágoas eran silandeiras, aínda que non por iso menos verdadeiras. Xa non lle atopaba sentido ás cousas que facía. Imos morrer sexamos como sexamos, bos ou malos; logo non entendía para que molestarse en facer o mellor para os demais, como sempre fixo Miguel, se imos morrer de tódolos xeitos.

Miguel era un rapaz novo, pero tiña ben claro o que quería facer en case tódolos aspectos da súa vida, e da súa morte. Non quería que o enterrasen. Tiñalle pánico á idea de pasar anos e anos baixo a terra. Así que non o enterrarían. A cerimonia de incineración faríase ese mesmo día pola noite.

A Mar nin lle parecía ben nin lle parecía mal. Simplemente non se sentía forte dabondo como para saber que iso era o final, o adeus definitivo. Necesitaba velo unha última vez. Cando logrou contarllo á súa nai, ela aconselloulle que chamara ós pais de Miguel, non fora que non quixesen que fora xente.

Mar tratou de marcar o número ó que tantas veces tiña chamado para falar co seu amigo, pero púidolle a tristura. Súa nai, ó ver esta imaxe, colleulle o auricular. Dáballe verdadeira mágoa ver sufrir así a súa filla, e aínda que tamén se sentía mal, tratou de amosarse forte. Falou coa nai de Miguel mentres a súa filla miraba fixamente pola

ventá. Cando a súa nai colgou o auricular Mar salaiou e de súpeto comezou a chorar moito máis forte. A súa nai abrazouna e murmuroulle:

—Mantente forte, filla.

Non tiña de onde sacar forzas. Non tiña nada. Sentíase baleira. E aínda tiña ganas de chorar. Pero foi nese intre cando aprendeu a chorar por dentro. A tristeza que a enchía era tanta que non compensaba nin expulsala. Tan só sufríla. Decidiu sufríla ata a fin dos seus días para ter un recordo de Miguel. Dese xeito sempre tería algo del no seu interior, na súa lembranza.

Mantívose así un chisco, pero pronto se deu conta de que non era esa a maneira de recordalo a el. El non era unha simple dor de alma. Fora unha das alegrías da súa vida, pasara con el tódalas lembranzas da mocidade. Fora con el con quen se desafogara falando do seu primeiro amor. Con quen pasara a maior parte das súas vacacións. Era como o seu irmán e merecíase unha boa lembranza.

A súa mente permanecía en branco. Sentía que non tiña nada que facer. O dó aumentaba e disminuía. Podíase ver como unha pantasma sentada, case sen ocupar espazo, con olleiras e mala cara aínda que sen chorar e sen motivo aparente comezaba a chorar.

Este fora o peor día da súa vida. Lembraría a data ata o día en que se volvera a atopar con el. De súpeto, unha idea apareceu na súa mente, xuntarse con el e atopar de novo a felicidade que lle arrebataran. Nunca sentira cousa tal, pero tampouco parecía mala idea. Sentíase como unha bolboreta sen ás. Como unha copa nas mans dun bébedo. Como se tivese unha tempestade arrasándoa por dentro. Por moito que intentaba esa idea non marchaba, pero outras cousas a retiñan nesta vida, aínda que neste momento lle parecían insignificantes.

Foi a hora de marchar. A hora de dicir adeus. Da despedida definitiva. Da aceptación. Moi pouca xente estaría neste momento tan angustiada. Seus pais decidírono así. Pero nin tan siquera se lles pasou pola cabeza dicirlle a Mar que non podía.

Mar era como a súa segunda filla. O único que lles quedaba ós pais de Miguel. Quedaban sen ninguén. Cando Mar viu a nai de Miguel sentiu unha sensación de afogo, sentiu dor no corazón. Víase a si mesma por dentro. Déronse un abrazo. Foi un abrazo moi emotivo. Ámbalas dúas sabían que o sentimento era o mesmo. Non foi un abrazo curto. Foi longo e forte, axu-

dándose mutuamente. Pensaban no mesmo e sabían que as dúas estaban destrozadas. Aínda que ó vela e ó abrazala non aliviou a súa pena nin moito menos, volveu a sentir por fin algo de vida, como un calafrío percorreu o abrazo no que se fusionaban.

Logo Mar quedou soa. Sentiuse aferrada á vida, e deuse conta de que iso non a arredaba de Miguel.

Mirouno por última vez. Estaba coma sempre. Sabía que esa era unha das imaxes que gardaría del. Custoulle, pero gardou cada un dos detalles. Mentres o miraba pasábanselle imaxes deles dous xuntos. Momentos que nin ela cría recordar. Pero que estaban alí. Do mesmo modo así estaría Miguel durante moitos anos, ou iso desexaba.

Alcanzado un valor que nin ela cría posuír, mirouno fixamente e lanzouse ó momento da despedida. A última vez. O teórico final dunha amizade que permanecera dentro dos dous corazóns durante moito tempo. Cando unha amizade chega dentro non é posible arrincala de todo, porque sempre quedará unha cicatriz que se gardará con agarimo. Así que Mar esqueceuse das penas durante ese intre. Non quería que o seu último momento xuntos fose triste. Non houbo palabras. Son un leve sorriso e un tenue e sincero:

—Descansa en paz.

Manuel Román Portabales
IES Auga da Laxe. 3º premio.

A RAPAZA DE VERMELLO

Fora naquel ano, en 1978, cando vin por primeira vez a Isabel.

Un día ía eu cara á escola, camiñando coa carteira colgada do ombro, cando cruzando pola rúa vin unha moza femosísima, morena, delgada, pero non demasiado; tiña a pel tostada, non era moi alta, pero iso a min non me importaba. Ao chegar á escola, os meus compañeiros saudáronme, pero eu estaba nunha nube, non oía o que me dicían, tiña a cabeza ocupada unicamente por esa rapaza da que non sabía o nome e á que lle chamei "a de vermello", porque ese día levaba unha blusa vermella.

No descanso que tiñamos para comer algo topeime con Carlos, un amigo, deses que saben gardar os segredos e ao que se lles contan case tódalas cousas. Preguntoume que me ocorría, que estaba como durmido e tiña cara de pailán. Eu non quería contarlle o que me pasara, pero el sabía que algo había e insistiu para sacarmo. Ao final cedín. El fixo unha burla e comentou "para que logo digan que non existe o amor a primeira vista".

Esa mesma tarde saín da casa un pouco máis cedo e antes de ir á escola percorrín todo o centro da cidade na procura da rapaza de vermello, pero non a atopei por ningures.

Ao día seguinte, tampouco a vin e xa empecei a perder a esperanza. Isto pasoume durante unha semana enteira e xa estaba desesperadísimo, tiña a aquela rapaza metida na cabeza e non saía nin a empurróns, non facía máis que pensar nela; ata estou seguro de que no exame de Historia que tiverun un deses días escribín o seu nome como artista do Barroco. Os días pasaban e o recordo desa rapaza ía esvaecendo como unha bágoa.

Xa pasaran tres semanas dende que a vira, cando por fin, un día pola tarde fun á biblioteca e topeina nunha mesa lendo. Collín un libro e sentei. Facía que lía para disimular, pero o que realmente facía era mirala sen cesar para gardar esa imaxe na miña cabeza, para non esquecerla xamais. De súpeto, ela ergueuse e dirixiuse ao estante que estaba detrás miña, pero por sorpresa para min parouse xusto diante miña e riu tapando a boca coa man. Eu arrubiei e preguntéille por que ría; ela, cunha voz preciosa, mesmo dun anxo, contestoume que se me gustaba o libro e eu contestéille que si, que me gustaba moito, que era

moi divertido. Cando me dei conta de que o libro estaba do revés e que era un ensaio dun alemán moi aburrido ela xa pasara de largo. Eu, nun arrebatado de valor, erguinme, fun detrás dela e pregunteille o seu nome.

O bibliotecario chamoume a atención porque, sen querer, levantara a voz polos nervios e a emoción, entre outros moitos sentimentos que sentía, mentres pronunciaba esas palabras mirando os preciosos ollos marróns daquela rapaza. Ela contestoume que Isabel. Quedei coa boca aberta mirándoa, e ela volveu rir. Eu estaba paralizado, non sabía que facer cando ela, salvándome deses situación tan embarazosa, preguntoume: ¿e ti? Contesteiille JaJaJavier. Volveu rir e preguntoume que libro buscaba, eu contestei que un de poesía, de amor a poder ser. Recomendoume "O amor en poesía", unha antoloxía de J.L. García Martín, que ela o lera e gustáralle moito.

Colleuno do andel e deumo. Puiden ver o libro que tiña na man, pero non cheguei a ver o título, puña algo de amor. Logo marchou para a súa mesa e eu para a miña. Quedei pensando e noutra arroutada de valor levanteime e fun onda ela.

—¿Onde estudas?— pregunteille.

—No colexio Rosais.

Eu afirmei coa cabeza e pregunteille:

—¿Que anos tes?

—Dezasete, ¿e ti?

—Eu dezaseis.

—¿Vives en Vigo dende hai moito?

Ela negouno coa cabeza e engadiu:

—Antes vivía en Gondomar, ¿coñécete?

—Coñezo - dixen eu-. Miña avoa tiña unha casa alí. Pero morreu hai uns cantos anos e vendimos a casa.

—Téñome que ir - dixo.

Isto recordoume que eu tamén tiña que marchar, pero non me quixen ir sen preguntarlle o seu enderezo ou o seu número e díxome que vivía en Urzaiz, case chegando a Colón. Eu alegreime porque vivía preto, só tiña que atravesar Príncipe e xa estaba alí.

—¿Podemos volver a vernos?— preguntei.

Antes de que contestara pedínlle o seu teléfono para podemos estar en contacto. Como vin que se puña a pensar deducín que ía inventar un, e pedínlle que non o inventase, que mo dera de verdade. Acabou dándomo.

O día seguinte, cando espertei, o primeiro que fixen foi mirar dentro do libro a ver se estaba o papel co seu número para asegurarme de que o que ocorrera o día anterior non fora un soño. Efectivamente, o papel estaba alí co número. Era sábado e non me levantei moi cedo, recollín o meu cuarto, axudei a miña nai na cociña e

marchei á rúa disposto a chamar á rapaza de vermello, que xa pasara a chamarse Isabel. Fíxeno dende unha cabina e unha voz que enseguida recoñecín dixo:

-¿Diga?- eu permanecín uns segundos calado e contestei:

-Ola, son Javier.

-¿Que tal estás?- preguntoume.

Non contestei e volvíñ disparar:

-¿Vas facer algo esta tarde?

-Non, pero non nos coñecemos de nada, ¿como imos quedar?

-Así coñecémonos- dixen eu. Ela estaba moi insegura, confesou-me que por unha parte quería verme porque lle parecía moi simpático, pero que era un descoñecido.

-Xa, non me digas máis, o mundo está moi mal e nunca se sabe se unha persoa é un asasino "descuartizador" ou un amable rapaz de dezaseis anos- dixen eu. Ela riu.

-Es moi gracioso.

-Gústame facerme o gracioso, pero realmente non o son, non teño cara graciosa; hai moitas persoas que teñen cara e expresións graciosas, pero eu non son deses, eu só son enxeñoso e ocórrenseme cousas que poden facer gracia, dígoas sen pensar, aínda que ás veces decátome tarde de que podo estar ofendendo a alguén.

-Estás feito un filósofo- díxome.

E os dous empezamos a rir como dous nenos cunha lambetada na man. Despois houbo un silencio que durou uns cantos segundos.

-...Vale, se queres quedamos para vernos, pero só un anaco porque logo quedei con Clara- eu con rapidez pensei algo para non ser menos e dixen:

-Si, eu tamén quedei con Carlos.

Aínda que era unha completa mentira, porque co tema da rapaza de vermello deixara esquecidos os amigos e creo que ese sábado quedaríamos todos para ir ver o Celta; era un partido importante e non podíamos faltar ningún da panda. Con todo, a min o fútbol non me gusta moito, eu son máis doutros deportes. Ela riu e díxome:

-De acordo, entón... ás cinco ¿párecete?

-Si, -dixen, pero volvíñ acordame do partido, que era ás cinco e media.

Estaba nun conflito: ¿que tiña máis poder? ¿O meu amor por Isabel ou os meus colegas de sempre, os que sempre estaban aí...? Tiven que contarlle a historia a Carlos e el díxome que non importaba, que o entendía, que as mulleres son as mulleres e o amor é así de complicado, "ata pode que sexa máis complicado que a trigonometría", dixo Carlos facendo unha gracia. Pero eu creo que o amor é moito máis complicado que a trigonometría; ademais, suspender mates non é o mesmo

que un amor non correspondido. O das mates pode prexudicarche máis a longo prazo, pero o do amor prexudícache no momento no que che ocorre.

Por fin chegara a hora, por fin ía volver a ver ese anxo que aparecera na miña vida, e que ía marchar tan rápido como chegara. Ás cinco menos cuarto estaba eu na praza de España, onde quedáramos. Ela tamén chegou cinco minutos antes da hora e veu xunta min, deume dous bicos e díxome que o sentía pero que tiña que marchar pois pasara algo na súa casa. Eu quedei alí chantado durante dez minutos mentres ela baixaba cara á súa casa, cando me dei conta de que Carlos, Alberto e os demais estaban xa indo para Balaídos e marchei a toda présa. Collín o bus e cheguei bastante rápido, o suficiente para collelos fóra. Vimos o partido e eu, que non son moi de fútbol, coma xa vos dixen, quedei contento, o Celta gañara, e non por pouco. Fora un partido bonito...

Quedei intrigado polo que podería pasar con Isabel. Ao chegar a casa tiña unhas ganas increíbles de chamala, pero non o fixen por facerme o duro e por non ser pesado e cargante.

Ao día seguinte pola mañá chameina. Ela explicoume que o seu pai, que estaba embarcado e non debería chegar ata dentro dun mes, tivera que volver a terra de urxencia porque estaba enfermo. Ela non sabía se estaba mal ou non porque estaban os seus pais no hospital e aínda non falara con eles. Eu conteille o que fixera onte cando ela marchou e explíqueille o conflito que vivira. Ela riu e preguntoume:

—¿Deixaches de ir ao fútbol cos amigos por min?— Eu non dubi-dei en dicir que si, ela quedou calada uns segundos e engadiu:

—Gracias por facer iso por min, pero non era necesario.

Eu, xa pasándome da raia pero procurando facela rir, dixen:

—Por un anxo eu fago iso e o que faga falta- conseguín o meu propósito e riu. As nosas conversas xa non eran como antes, tan frías nin tan embarazosas. Ela confesoume que se sentía cómoda falando comigo, que lle inspiraba confianza.

En día posteriores seguina chamando e contándolle a miña vida e preguntándolle pola súa. Tanto tempo falamos que en cinco días xa era como se nos coñeceramos de anos. Pregunteille polo seu pai e díxome que non sabía o que tiña, que estaba na casa pero facéndolle probas, que crían que non era nada grave pero o suficiente como para non embarcar. A súa nai era profesora, precisamente do meu instituto, pero non me daba clase a min. Cando a vía pola escola saudábaa e ela a min pero sen saber quen era. As nosas conversas xa non eran de amigos normais, ningún amigos se falan así, nin se din esas cousas que nos diciamos nós. Os dous estábamos un pouco confusos coa situación, pero decidimos quedar para ver que pasaba.

Volvimos quedar no mesmo sitio á mesma hora, eu volví chegar

quinze minutos antes e ela cinco; estiveremos alí falando un bo anaco. Tamén era sábado, pero este ningún dos dous tiña plans despois da cita e puidemos estar falando ata as oito e media. Despois de estar falando alí arriba baixamos e dimos un paseo por Príncipe, mentres seguíamos contándonos as nosas vidas. Cada momento que pasaba con ela parecíame máis fermosa e cada vez a quería máis e estaba máis seguro de que era un anxo. Logo fomos ao cine, pero eu non me concentrei o suficiente e non me decatei do argumento. Ela non parecía tampouco moi atenta. Estabamos comendo flocos de millo cando, nunha das veces que iam coller un puñado, as nosas mans foron parar as dúas á caixa á vez e quedaron quietas alí.

Mirámonos e separámonas rápido; ela ruborizouse un pouco, eu tamén e rímonos. Ao saír do cine fomos ao porto, xa só nos quedaba media hora; paseamos polo porto deportivo e logo polo espigón. Chegando ao final había un home pescando, quedamos quietos bastante lonxe dese home. Ela colleume a man, eu estaba moi nervioso, xa estaba anoitecendo e facía un pouco de vento, o que facía que o seu pelo se alborotara. Achegouse un pouco a min, logo un pouco máis e logo tanto que os nosos beizos quedaron xuntos. Non foi o meu primeiro bico pero como se o fose, nunca sentira tal cousa; un calafrío percorreume todo o corpo. Ela notouno e separouse e dixo:

—Xa é tarde, temos que marchar.

Ao día seguinte non falamos, non collía o teléfono. Eu empecei a pensar que non collía porque sabía que era eu. Deixei de intentalo ata o día seguinte, pero tampouco collía. Decateime de que a súa nai tampouco ía á escola. Xa o día seguinte por fin colleu, pero tres días sen falar foran suficientes para que perderamos ese encanto dos días anteriores, cando falabamos tódolos días. Eu cos meus pensamentos e ela con outras preocupacións maiores ca esas, ao final da conversa as cousas non quedaron moi claras: se ela quería verme máis, se me quería ou non...

Ao día seguinte volví chamala e colleu, xa non estaba tan fría e sería como o día anterior, agora xa a notei máis coma sempre. Contoume por que non collía o teléfono eses días e por que a súa nai non ía á escola. Ingresaran a seu pai porque tiña unha enfermidade grave, e ao mellor tiña que ir facer tratamento a Madrid. Logo engadiu:

—Quérote, o outro día foi coma un soño.

—Dende que te vin a vida é coma un soño, dixen eu inmediatamente.

—Téñote que ver, ¿quedamos hoxe? Dentro dunha hora.

Esta vez quedamos máis preto da casa. Eu cheguei primeiro, como xa era tradición, e ela cinco minutos antes tamén. Cando chegou tiña cara triste, incluso parecía que chorara.

—Meu pai ten que marchar para Madrid. Tamén eu e miña nai temos que ir, temos que vivir alí ata que meu pai sande.

Bicoume e díxome que me quería, que non me esquecería e que cando volveise todo seguiría o seu rumbo. Deume o enderezo onde viviría en Madrid e despediuse

O seu pai non conseguiu curarse e morreu aos dous anos de estar en Madrid. Elas quedaron a vivir alí: a súa nai tiña xa un centro fixo e ela xa fixera amigos.

Estivemos escribíndonos cartas durante moitos anos: ao principio cada semana, logo cada mes, logo tres veces ao ano, e así ata que só nos escribiamos ou chamabamos en datas sinaladas... ou nin nesas.

Pasaron vinteseite anos, teño xa corenta e tres, estou casado e teño unha filla, Isabel, que ten 17 anos e é fermosa como a súa nai. Estou enfermo de cancro, e vou no tren cara á capital coa miña muller Laura e a miña filla. Teño que facer un tratamento alí. Din os médicos que é grave, que non me queren enganar. Eu non quero morrer sen volver a ver a rapaza de vermello. Chamei a Isabel. Pasaran xa dous anos dende a última vez que falara con ela e sorprendeuse da miña enfermidade, que lle recordou a seu pai. Díxome que o sentía moito, e que aínda non esquecera aquel soño real. Isabel tamén está casada, ten un fillo de dezaseis anos e unha filla de doce.

Quedamos nun bar ás cinco da tarde do sábado. Ao ter esta enfermidade un reflexiona sobre a súa vida, o que recorda e o que lle deixou pegada. Teño pensado chegar quince minutos antes...

Relación de premiados

Poesía

Nivel I

- 1º premio: **A nena.**
Sheila Díez Méndez. CEIP Chano Piñeiro.
- 2º premio: **Poema.**
Antonio M. González Quintas. CEIP Souto. Donas.
- 3º premio: **Estrela.**
Alberto Dios González. CEIP Souto. Donas.

Nivel II

Declarado deserto

Nivel III

- 1º premio: **Galicia, terra querida.**
Tania Conde González. IES Escolas Proval.
- 2º premio: **Doutro xeito.**
Nerea Rodríguez Rodríguez.
- 3º premio: **Romance da muller maltratada.**
Jennifer Pousa da Rocha. IES Escolas Proval.

Relato

Nivel I

- 1º premio: **A lenda.**
Dimas Arias Fernández. Souto. Donas.
- 2º premio: **Aurora.**
Sandra Alejos Fernández. CEIP Humberto Juanes.
- 3º premio: **Nas profundidades do océano.**
Patricia Troncoso Alonso. CEIP da Cruz de Camos.

Nivel II

- 1º premio: **Un home chamado ninguén.**
Guillermo Rodríguez Alonso. IES Auga da Laxe.
- 2º premio: **Noivado encantado.**
Xoán Magallanes Ferreira. ISM Panxón.
- 3º premio: **A rapaza que nunca o esqueceu.**
Lorena Puentes Rial. IES Escolas Proval.

Nivel III

- 1º premio: **¿Victoria?**
Raúl Costas Pereira. IES Escolas Proval.
- 2º premio: **Cando chega o adeus.**
Nerea Rodríguez Rodríguez.
- 3º premio: **A rapaza de vermello.**
Manuel Román Portabales. IES Auga da Laxe.

ÍNDICE

POESÍA NIVEL 1

Sheila Díez Méndez - A NENA	1 1
Antonio M. González Quintas - POEMA	1 2
Alberto Dios González - ESTRELA	1 3

POESÍA NIVEL 3

Tania Conde González - GALICIA, TERRA QUERIDA	1 4
Nerea Rodríguez Rodríguez - DOUTRO XEITO	1 5
Jenifer Pousa Da Rocha - ROMANCE DA MULLER MALTRATADA 1 7	

RELATO NIVEL 1

Dimas Arias Fernández - A LENDA	2 1
Sandra Alejos Fernández - AURORA	2 3
Patricia Troncoso Alonso - NAS PROFUNDIDADES DO OCÉANO 2 7	

RELATO NIVEL 2

Guillermo Rodríguez Alonso - UN HOME CHAMADO NINGUÉN 2 9	
Xoán Magallanes Ferreira - NOIVADO ENCANTADO	3 5
Lorena Puentes Rial - A RAPAZA QUE NUNCA O ESQUECEU .	3 9

RELATO NIVEL 3

Raúl Costas Pereira - ¿VICTORIA?	4 1
Nerea Rodríguez Rodríguez - CANDO CHEGA O ADEUS	4 7
Manuel Román Portabales - A RAPAZA DE VERMELLO	5 3

RELACIÓN DE PREMIADOS	5 9
-----------------------------	-----